

NACE O 'GALICIAN FILM FORUM' EN LONDRES E COMEZARÁ COA PROXECCIÓN DE ENCALLADOS, DE ALFONSO ZARAUZA

A iniciativa parte dun grupo de galegos e galegas emigradas a Inglaterra

O [Galician Film Forum \(GFF\)](#) anuncia a celebración da primeira xornada de cine galego en Londres para o vindeiro venres 20 de marzo. Terá lugar ás 6.30pm da tarde na prestixiosa universidade [King's College London](#) ([ver mapa](#)).

O evento consistirá na proxección dunha longametraxe gravada en Galicia xunto con dúas curtas feitas por cineastas galegos que residen en Inglaterra. Os títulos escollidos son '[Encallados](#)', do director d'Os Fenómenos [Alfonso Zarauza](#), '[Curricán](#)', curta dirixida polo vigués [Álvaro Gago](#), e '[1977](#)', da animadora ferrolá [Peque Varela](#).

Despois da proxección teremos a oportunidade de falar cos directores. Alfonso Zarauza e o elenco de actores participarán desde Galicia vía videochamada, mentres que tanto Álvaro Gago como Peque Varela estarán presentes na sala para un coloquio co público.

O GFF conta coa colaboración do Departamento de Estudos Españóis, Portugueses e Latinoamericanos do King's College London e coa participación de [Belén Vidal](#), profesora de 'Film Studies' na mesma universidade.

Que é o Galician Film Forum?


O GFF é unha iniciativa que comeza a tomar forma a principios deste ano por un grupo de galegos e galegas emigrados en Londres cun grande interese pola cultura galega. O obxectivo do GFF é crear un espazo para a difusión do cine galego na capital británica.

A proposta nace espontaneamente a raíz dun foro aberto no grupo de Facebook, '[Galegos Morriñentos en Londres](#)', un dos referentes online para a comunidade galega na cidade.

GFF ten vocación de continuidade e de servir baixo tres eixos ao cine galego: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido e como espazo de reflexión sobre o cine e a cultura galega en termos universais.

Quen son os directores?

Alfonso Zarauza (Compostela, 1973), guionista e director. Comezou facendo curtas a mediados dos 90 con títulos como 'Hai que foderse' (1994), 'A danza de Katiuska' (1998) ou 'Touro' (2002). En 2008 estreou a súa primeira longametraxe, 'A noite que deixou de chover', premiada ao mellor guión en proxecto durante o LALIFF 06 (Los Angeles Latino International Film Festival). Recentemente dirixiu dúas cintas, Encallados e Os Fenómenos, esta última



protagonizada por Lola Dueñas e Luís Tosar, e que continúa a protagonizar as carteleiras dos cines galegos.

Álvaro Gago (Vigo, 1986), director e montador. Vive en Londres desde 2009, cando veu para completar un Máster en Filmmaking na London Film School. 'Curricán' é a súa primeira curtametraxe, galardoada co premio CREA á mellor dirección no Festival Internacional Curtocircuito.

Peque Varela (Ferrol, 1977), directora e animadora. Radicada en Londres e graduada pola National Film and Television School. A súa produción inclúe vídeos comerciais, curtas e animacións. O GFF proxectará '1977', a cal recibiu 15 premios internacionais e estivo seleccionada en festivais de prestixio internacional coma o Sundance (Utah, EEUU) ou Clermont-Ferrand Short Film Festival (Francia).

INFORMACIÓN DE CONTACTO

Responsable de prensa: Duarte Romero Varela

Correo electrónico: galicianfilmforum@gmail.com

Teléfono: +44 (0)7848176197

Facebook: [facebook.com/GalicianFilm](https://www.facebook.com/GalicianFilm)

Twitter: twitter.com/GalicianFF